

23 abril-2017

LECTURAS

FEITOS 2, 42-47 *Os crentes vivían todos unidos e tíñano todo en común.*

SALMO 117: *Dade grazas ao Señor porque é bo, porque é eterna a súa misericordia.*

I PEDRO 1, 3-9: *Pola resurrección de Cristo fixéronnos nacer para unha esperanza viva.*

XOÁN 20, 19-31: Aos oito días, chegou Xesús

Narrador: Á noitiña daquel día, o primeiro da semana, estaban os discípulos nunha casa, coas portas pechadas por medo aos xudeus. E nisto entrou Xesús, púxose no medio e díxolles:

Xesús: - *A Paz convosco.*

Narrador: E, dicindo isto, amosoulles as mans e o costado. E os discípulos enchéronse de alegría ao ver o Señor. Xesús repetiu:

Xesús: - *A Paz convosco. Como o Pai me enviou, así tamén vos envío eu.*

Narrador: E, dito isto, exhalou o seu alento sobre eles e díxolles:

Xesús:- *Recibide o Espírito Santo; aos que lles perdoedes os pecados quédanlles perdoados; aos que llelos reteñades, quédanlles retidos.*

Narrador: Tomé, un dos Doce, chamado o Xemelgo, non estaba con eles cando veu Xesús. E os outros discípulos dicíanlle:

Discípulos: - *Vimos o Señor.*

Narrador: Pero el contestoulles:

Tomé: - *Se non vexo nas súas mans o sinal dos cravos, se non meto o dedo no burato dos cravos e non meto a man no seu costado, non o creo.*

Narrador: Aos oito días, estaban outra vez dentro os discípulos e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, púxose no medio e díxolles:

Xesús: - *A Paz convosco.*

Narrador: Logo díxolle a Tomé:

Xesús: - *Trae o teu dedo, aquí tes as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado; e non sexas incrédulo, senón crente.*

Narrador: Contestou Tomé:

Tomé: - *Meu Señor e meu Deus!*

Narrador: Díxolle Xesús:

Xesús: - *Porque me viches criches? Ditosos os que crean sen ter visto.*

Narrador: Moitos outros signos, que non están escritos neste libro, fixo Xesús á vista dos discípulos. **Estes escribíronse para que creades** que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus, e para que, crendo teñades vida no seu nome.

Palabra do Señor

Cristo VIVE hoxe. Encóntrao na túa COMUNIDADE!

1. VER: Pertencemos a unha parroquia

- **Ás veces hai persoas que viven a súa fe illadamente, sen reunirse con outros, sen celebrala con outros ... *Que vos parece?***

- **Os crentes dun barrio ou vila formamos unha comunidade parroquial.**

Como se chama a nosa, quen é o patrón/a, que festas celebramos, como é o noso templo, que facemos nel?

2. XULGAR: Cristo VIVE hoxe na nosa comunidade!

+ No evanxeo de hoxe, Xesús faise presente na primitiva comunidade:

- **O domingo** (o “día primeiro da semana” e día da resurrección do Señor) **preséntase** Xesús na primitiva comunidade.

- **Cristo resucitado éncheos de paz**, dálles o seu Espírito, devólvelle a fe a Tomé e exultan de alegría ao ver a Xesús.

- **Na comunidade os discípulos encóntranse con Cristo**, comparten a fe (*“vimos o Señor”*), e é nela onde **Tomé recupera a fe e confésaa** (*“Meu Señor e meu Deus”*).

Que fai a nosa comunidade parroquial ou educativa?

+ Cristo presente tamén hoxe na nosa comunidade:

- **Cada domingo Cristo Resucitado convócanos**, congréganos, presídenos, dános a súa Palabra e alimento: o sacerdote no seu nome saúdanos: *“O Señor estea (está) convosco”, “A paz do Señor sexa sempre convosco”*.

- **Cada domingo alimentamos e fortalecemos a nosa fe**, sos perderíamola, recibimos a forza do Espírito ...

- **Na comunidade formámonos** (catequese), **celebramos a fe** (liturxia) e **transformamos** o mundo (Cáritas) ...

- **Todos temos o noso papel** na parroquia, somos corresponsables, arrimamos o ombreiro ela é a nosa casa.

Sénteste membro da túa comunidade?

Descobres a Cristo no medio dela?

3. ACTUAR: Vive a fe en comunidade!

- **Sé puntual ás celebracións:** prepárate para o encontro con Xesús, ofrécete para que sexan máis participados os actos, pon toda a alma.

- **Celebra a túa fe na comunidade:** esta non é “a túa misa” senón que celebramos algo común, non todos fan todo pero todos participamos como unha sinfonía.

- **Anuncia “vimos o Señor” e reza** polos que coma Tomé están ausentes da reunión da comunidade e perden a fe.

- **No silencio da consagración** di como Tomé: *“Meu Señor e meu Deus”*.

- Transforma a túa man en **pombas da paz** e do Espírito.

Que imos facer?